

CONVOCATORIA DE AXUDAS POR LA FUNDACIÓN ESPAÑOLA PARA LA CIENCIA Y LA TECNOLOGÍA, PARA EL FOMENTO DE LA CULTURA CIENTÍFICA, TECNOLÓGICA Y DE LA INNOVACIÓN 2017

O día 25 de setembro publicouse no BOE a Convocatoria de Axudas para o fomento da cultura científica, tecnolóxica e da innovación 2017

MODALIDADES DE PROXECTOS E ACTUACIÓNS OBXECTO DE FINANCIACIÓN:

Cando o obxectivo da actuación o requira os proxectos podrán ser desenvolvidos:

- a) De forma individual
- b) En colaboración con outras entidades

Línea de actuación 1. Cultura Científica, tecnolóxica e da innovación

Línea de actuación 2. Educación e vocacións científicas

Línea de actuación 3. Redes de divulgación e comunicación da ciencia e da innovación:

Modalidade 3.1: Rede de Unidades de Cultura Científica e da Innovación (UCC+i).

Modalidade 3.2: Rede de Museos de Ciencia y Tecnoloxía.

EXECUCIÓN DOS PROXECTOS

Os proxectos que resulten finalmente aprobados e financiados en virtude desta convocatoria deberán ser executados no período comprendido entre o **1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de marzo de 2019**.

FINANCIACIÓN E CONTÍA DAS AXUDAS

1. As axudas concedidas no marco da presente convocatoria poderán financiar **ata unha contía máxima do 60% do presuposto total do proxecto presentado na solicitude cun límite máximo de 150.000 € por solicitude. O 40 % restante deberá ser financiado por cada grupo solicitante**

2. A percepción das axudas será compatible coa percepción doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Esta compatibilidade estará condicionada a que o importe das axudas concedidas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras, supere o custo da actividade financiada.

CONCEPTOS SUSCEPTIBLES DE FINANCIACIÓN

1. **Gastos de persoal**
2. **Adquisición de material funxible, suministros e produtos similares**
3. **Gastos derivados de asesoramento, apoio técnico e informático, difusión, publicidade e preparación de material formativo, alquiler de salas, organización de conferencias e eventos, e outras accións destinadas ao desenvolvemento e execución das actividades**
4. **Outros gastos, incluídos viaxes, dietas, honorarios, alquiler de servidores informáticos, suministros e produtos similares**
5. **Gasto derivado do informe realizado por un auditor de contas**

FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E PRAZOS DE PRESENTACIÓN

A presentación de solicitudes realizarase conforme as instrucións e modelos establecidos no sistema electrónico dispoñible na dirección web da FECYT www.convocatoria@fecyt.es. Unha vez rematada a cumprimentación da solicitude, o investigador principal validará e enviará telematicamente.

O prazo para elevar a definitiva unha solicitude no sistema telemático da FECYT remata o 6 de novembro as 13:00 horas.

Os Investigadores deberán presentar as solicitudes na Oficina de Investigación e Tecnoloxía antes do día 2 de novembro para que o Representante Legal poda asinar electrónicamente as solicitudes na aplicación da FECYT

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Deberase presentar a seguinte documentación:

- a) Formulario de solicitude.
- b) Memoria técnica do proxecto obxecto de solicitude que achegue información detallada do proxecto. A memoria tendrá unha extensión máxima de quince páxinas para todas as modalidades, excepto para a modalidade 3.1, Rede de Unidades de Cultura Científica e da Innovación, que podrá ter unha extensión máxima de 20 páxinas. **Si se excede do número de páxinas establecido para dito documento, a solicitude non se evaluará, non sendo obxecto de subsanación.**

CONSULTAS

Para consultar calquera dúbida sobre a convocatoria poderá poñerse en contacto:

FECYT: - correo electrónico no enderezo : convocatoria@fecyt.es.

- teléfono: **91.425.18.00 (de luns a venres de 9:30 a 13:30h)**

OIT: Extensións 16265, 16217

Indícanse a continuación algúns datos de interese necesarios para cumprimentar a solicitude.



VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN
Oficina de Investigación e Tecnoloxía
Sección de Convocatorias e Recursos Humanos
de I+D
Edificio CACTUS – Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
Tel. 881816201
Correo electrónico: cittinfo@usc.es

CIF da USC Q 1518001-A
Representante legal..... Isabel Rodríguez-Moldes Rey
Teléfono..... 881811000 16201
Telefax..... 881816203
Correo electrónico.....cittinfo@usc.es
Dirección:.....Edificio Cactus, Campus Vida
Código Postal.....15782 Santiago

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación quere agradecer a todos os investigadores a súa colaboración neste proceso.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2017

A Vicerreitora de Investigación e Innovación